

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas 2024), susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva. IGAPE. DOG Nº 3/01/2024

Obxecto

Estas axudas teñen como obxecto incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas que incidan na proxección e posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais.

Persoas e entidades beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas, incluídos os autónomos, que cumpran os seguintes requisitos:

a) **Que cumpran coa definición de peme** segundo o anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

b) **Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia**, e que conten no devandito centro con polo menos un traballador por conta allea, na data e publicación no DOG destas bases de axudas. Este último requisito non é aplicable ás empresas constituídas con menos de 42 meses de antigüidade na data de publicación das ases de axudas.

c) **Que estean dadas de alta en programas avanzados do Igape** de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir do 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do final do prazo de presentación de solicitudes de axuda, a través do procedemento do Igape IG192.

Proxectos obxecto de apoio e gastos subvencionables

1. Serán subvencionables aqueles gastos que correspondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do plan para o cal foron concibidos. Os gastos clasifícanse en:

Custos directos: determinados con base no seu custo real, que se corresponden cos descritos nas alíneas a), b), c) e d) do punto 3.

Custos indirectos: determinados mediante un método de custo simplificado consistente nun tipo fixo do 7 % dos custos directos subvencionables, de conformidade co establecido na alínea a) do artigo 54 do RDC e que se corresponde co descrito na alínea e) do punto 3.

2. Os límites máximos de gasto subvencionable son os establecidos en cada tipo de acción. O gasto mínimo subvencionable do proxecto, excluídos os custos indirectos, terá que alcanzar a cantidade de 3.200 euros (IVE excluído).

3. Os proxectos obxecto de apoio recollerán unha ou varias das seguintes **actuacións/accións:**

- a) Accións de difusión.
- b) Accións de promoción.
- c) Accións de prospección en mercados internacionais.
- d) Accións de operatividade da internacionalización.

Contía da axuda e criterios de avaliación e selección de solicitudes

1. A contía da axuda será dunha subvención do **70% dos custos directos subvencionables** relacionados no artigo 6 punto 3, letras a), b) c) e d). Ademais, engádese a subvención dos custos indirectos do proxecto, correspondente a un tipo fixo do 7 % sobre os custos directos subvencionables.

Para as accións incluídas nesta convocatoria a **subvención máxima será de 95.000 €** por solicitude e persoa beneficiaria

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes **remata o 3 de febreiro de 2024**